



## **DECLARACIÓN INSTITUCIONAL POLO 25 DE NOVEMBRO DÍA INTERNACIONAL POLA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES**

---

Outro ano máis conmemoramos o 25 de novembro como Día internacional pola eliminación da violencia contra as mulleres, unha data que pon o foco na maior expresión da desigualdade para as mulleres e que nos recorda que seguen sendo necesarios todos os recursos e esforzos para construír unha sociedade igualitaria, na que os dereitos das mulleres estean garantidos e onde erradiquemos dunha vez por todas a violencia machista.

A pesar de moitos avances e conquistas feitas ao longo do tempo da man do movemento feminista, este 2024 é un ano que sentimos que nos debера facer parar como sociedade, reflexionar sobre a orientación e a eficacia das políticas a prol da igualdade e contra a violencia machista, e deseñar novos camiños na definición das políticas públicas que teñen como obxectivo rematar coa discriminación, a desigualdade e a violencia contra as mulleres.

Urxe intensificar os traballos na prevención da violencia machista que ten no feminicidio a súa máxima expresión. É preciso concentrar esforzos na educación e na eliminación dos micromachismos para non volver ter que saír ás rúas para denunciar un asasinato machista máis. Este ano en Galicia contamos tres feminicidios. En marzo o de Andrea Yturry Alave, de 25 anos; en agosto o de Mercedes Ríos Muñiz, de 74 anos; e en outubro o de Fadoua Akkar, de 46 anos. Tres nomes que acrecentan o cómputo de mulleres asasinadas en Galicia desde o inicio das estatísticas no ano 2003 ata máis de 70. Son datos desoladores, que nos deixan unha media de máis de tres mulleres asasinadas por violencia machista nos últimos 21 anos, que suman 1282 vítimas no conxunto do Estado español desde o 1 de xaneiro de 2003.

Ante esta realidade, é necesario que todos os niveis da administración nos comprometamos a deixar as palabras e os xestos a un lado para facer que as políticas a prol da igualdade e contra a violencia de xénero se convertan nunha prioridade de acción, no deseño das políticas e nos recursos persoais, dotacionais e económicos que dedicamos a este labor. É tamén necesario que todas as persoas asumamos un rol activo na concienciación e na actuación fronte á violencia machista, porque só posicionándonos con contundencia seremos capaces de erradicala. Estase desenvolvendo en Francia un dos xuízos relacionados coa violencia sexual de maior repercusión mediática dos últimos tempos, debido, en gran medida, a que Gisèle Pelicot renunciou ao seu dereito á privacidade para que o que fora a súa parella, quen a drogou e violou, e outros 50 varóns contactados por Dominique Pelicot para violala estando inconsciente, sexan xulgados nun proceso público.

O valente paso adiante de Gisèle Pelicot, necesario para ela e para todas as mulleres que sofren violencia mais non o poden dar, pon o foco na necesidade de non poñerse de perfil fronte á violencia machista. Ningún dos 50 acusados denunciou, mais tampouco o fixeron outros que rexeitaron participar. Preguntémonos que tería pasado se un deles contactase á policía ante a oferta de Pelicot? Que pasaría se rachasen ese pacto de silencio non escrito que tolera, enmascara e permite a violencia contra as mulleres?

A realidade que enfrontamos nesta sociedade patriarcal é que o silencio e a inacción fronte á violencia machista non fan máis que contribuír a perpetuar un sistema de desigualdade que se basea na opresión das mulleres. Mais fronte a esta realidade todas as persoas temos o poder de actuar, de tomar posición e de renunciar a ser cómplices dun sistema social que se sustenta na violencia contra as mulleres. Neste 25 de novembro, temos a oportunidade de facernos oír, de plantarlle cara ao machismo e camiñar cara a construción dunha sociedade libre de violencias machistas.

O Concello de Santiago ten o claro compromiso de dedicar os recursos necesarios a traballar a prol da igualdade e pola eliminación da violencia contra as mulleres. Por iso vimos de reforzar o persoal do Centro de Información ás Mulleres e estamos a piques de completar o primeiro ciclo de adhesións ao Protocolo Troula Segura para a abordaxe das violencias sexuais e LGBTifóbicas no ocio nocturno, e realizaremos a segunda xuntanza anual da Mesa local de coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero. E seguiremos camiñando para que Santiago sexa un concello libre de violencias machistas.

Por todo isto, a corporación municipal manifesta:

- O apoio ás accións e mobilizacións convocadas polo movemento feminista compostelán e galego neste 25N.
- Reiterar o compromiso do Concello de Santiago co Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero entendendo o noso papel de administración local como o primeiro punto de acceso, apoio e asesoramento para as mulleres vítimas de violencia machista e as súas familias.
- Impulsar a coordinación do traballo preventivo e de intervención fronte a violencia machista a través da Mesa local de coordinación interinstitucional fronte á violencia de xénero.
- Incorporar a perspectiva de xénero e a protección das vítimas de violencia machista a todos os niveis de acción deste concello.
- Destinar, cando menos, o 1% do orzamento municipal á prevención da violencia machista e á prestación de servizos de atención ás vítimas.
- Instar á Xunta de Galicia a incrementar o orzamento destinado aos Centros de Información ás Mulleres para baixar as ratios e garantir o desenvolvemento de traballo preventivo e de intervención.
- Continuar a desenvolver campañas a prol d igualdade e pola eliminación da violencia contra as mulleres.

Santiago de Compostela, 25 de outubro de 2024